

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

- 12912** *Real decreto 1424/2012, do 11 de outubro, polo que se modifica o Estatuto da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 1403/2007, do 26 de outubro, se adecuan outros órganos colexiados en materia de cooperación e se modifica o Regulamento do Instituto Cervantes, aprobado polo Real decreto 1526/1999, do 1 de outubro.*

Os cambios operados polo Real decreto 1887/2011, do 30 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica básica dos departamentos ministeriais, e o Real decreto 342/2012, do 10 de febreiro, polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, requiren a adaptación do Estatuto da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento para dar cabida nos seus órganos de goberno ao secretario xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, que asiste o secretario de Estado de Cooperación Internacional e para Iberoamérica na formulación, dirección, execución, seguimento e avaliación da política de cooperación internacional para o desenvolvemento e a coordinación da acción cultural no exterior.

Por outra banda, a alínea l) do punto 2 do artigo 10 do citado Real decreto 342/2012, do 10 de febreiro, establece que lle corresponderá ao secretario xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento «a relación cos órganos consultivos e de coordinación da cooperación española; a preparación dos asuntos e a execución dos acordos da Conferencia Sectorial de Cooperación ao Desenvolvemento, da cal exercerá a secretaría, e dos seus órganos de apoio; a rendición de contas das actividades e resultados de cooperación española ás Cortes Xerais e á sociedade española; e o desenvolvemento da política de comunicación neste ámbito.»

Esta previsión aconsella a modificación das normas reguladoras dos órganos consultivos e de coordinación da cooperación para o desenvolvemento establecidos no artigo 21 da Lei 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento, para dar cabida neles como membro ao titular da Secretaría Xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento. Así mesmo, resulta oportuno modificar co mesmo obxecto os regulamentos reguladores do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento e da Oficina do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, no que se refire á composición dos seus comités executivos.

En relación con estes dous fondos, resulta aconsellable situar a Oficina do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento na Dirección de Cooperación con América Latina e o Caribe, pois é nesa rexión onde o Fondo desenvolve de maneira exclusiva a súa actividade. De igual maneira, a Oficina do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento que, conforme a disposición adicional primeira da Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, debe administrar, con rango de dirección, o Fondo, intégrase na Dirección de Cooperación Multilateral, Horizontal e Financeira baixo a responsabilidade do seu director.

Na súa virtude, por iniciativa do ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de outubro de 2012,

DISPOÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Estatuto da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 1403/2007, do 26 de outubro.*

O Estatuto da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 1403/2007, do 26 de outubro, queda modificado como segue:

Un. O punto 1 do artigo 10 queda redactado do seguinte modo:

«1. Son órganos de goberno da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento:

- i. A Presidencia. O presidente será substituído en casos de ausencia, vacante ou enfermidade polo vicepresidente do Consello Reitor.
- ii. O Consello Reitor.»

Dous. O título do artigo 11 queda redactado do seguinte modo:

«11. A Presidencia.»

Tres. Suprímese a alínea c) do punto 2 do artigo 11.

Catro. Suprímese o punto 3 do artigo 11.

Cinco. O punto 2 do artigo 12 queda redactado do seguinte modo:

«2. O Consello Reitor estará composto polos seguintes membros:

- a) Presidente: presidente da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.
- b) Vicepresidente: secretario xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, que substituirá o presidente nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade.
- c) Vogais:

O director da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.

Dous directores xerais do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, designados libremente polo ministro.

Dous funcionarios do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, designados libremente polo ministro, con rango de subdirector xeral ou equivalente.

En representación doutros ministerios, con rango mínimo de director xeral, o Consello Reitor integrará catro persoas:

O director xeral de Análise Macroeconómica e Economía Internacional do Ministerio de Economía e Competitividade.

O director xeral de Comercio e Investimentos do Ministerio de Economía e Competitividade.

Dous representantes do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, que serán designados polo seu titular.

En representación dos traballadores, dous representantes designados polas organizacións sindicais máis representativas da Administración xeral do Estado.

- c) Secretario: o secretario xeral da Axencia, que asistirá ás reunións con voz pero sen voto.»

Seis. Suprímese a alínea l) do punto 8 do artigo 12.

Sete. O artigo 13 queda redactado do seguinte modo:

«1. Créase unha Comisión Permanente no seo do Consello Reitor que resolverá sobre as cuestións que lle atribúa este.

2. A Comisión Permanente exercerá as funcións que lle sexan encomendadas polo Consello Reitor, fóra das previstas no artigo 12.8 alíneas desde a a) ata a n). Os acordos da Comisión Permanente serán efectivos e producirán efectos desde o momento en que se adopten. O Consello Reitor ratificará os ditos acordos e poderá revogalos cando existan causas extraordinarias que así o aconsellen.

3. Formarán parte da dita comisión o presidente, o vicepresidente do Consello Reitor e o director da Axencia. Actuará como secretario da dita comisión, con voz pero sen voto, o secretario xeral da Axencia.

4. A Comisión Permanente reunirse polo menos con carácter bimestral.»

Oito. O artigo 16 queda redactado do seguinte modo:

«Créase o Consello Asesor da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento como un órgano de carácter consultivo.

Estará integrado por doce persoas, todas elas recoñecidas pola súa experiencia e coñecementos en campos relacionados coa cooperación internacional e o desenvolvemento. O seu nomeamento e cesamento será realizado polo presidente do Consello Reitor, para o cal escoitará as propostas dos seus integrantes.

A presidencia exerceráa o presidente da Axencia, quen será substituído nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade polo vicepresidente do Consello Reitor.

O Consello Asesor reunirse polo menos cunha periodicidade anual.

Os seus membros non serán retribuídos, aínda que, de ser o caso, terán dereito á indemnización dos gastos de viaxe, estadias e traslados que lles orixine a súa dedicación ao Consello, de acordo ao Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.»

Nove. O artigo 17 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 17. *Estructura básica.*

1. A Axencia contará coa estrutura administrativa básica contida na presente sección.

2. Baixo a dependencia xerárquica do director da Axencia existirán en España:

- A Dirección de Cooperación con América Latina e o Caribe;
- A Dirección de Cooperación con África e Asia;
- A Dirección de Cooperación Multilateral, Horizontal e Financeira;
- A Dirección de Relacións Culturais e Científicas;
- A Secretaría Xeral;
- A Oficina de Acción Humanitaria.

3. Corresponde á Dirección de Cooperación con América Latina e o Caribe o fomento, a xestión e a execución das políticas públicas de cooperación internacional para o desenvolvemento dirixidas á loita contra a pobreza e á consecución dun desenvolvemento humano sustentable nos países de América Latina e o Caribe, sen prexuízo das competencias que correspondan a outros departamentos ministeriais.

Esta dirección xestionará, executará e administrará o Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento creado pola disposición adicional sesaxésimo primeira da Lei 51/2007, do 26 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para 2008, realizando as funcións establecidas regulamentariamente.

O titular da Dirección dirixirá e coordinará os seguintes departamentos:

- a) O Departamento de Cooperación con Centroamérica, México e o Caribe;
- b) O Departamento de Cooperación cos Países Andinos e o Cono Sur;
- c) O Departamento do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento.

4. Corresponde á Dirección de Cooperación con África e Asia o fomento, a xestión e a execución das políticas públicas de cooperación internacional para o desenvolvemento dirixidas á loita contra a pobreza e á consecución dun desenvolvemento humano sustentable nos países árabes, africanos e asiáticos, sen prexuízo das competencias que correspondan a outros departamentos ministeriais.

O titular da Dirección dirixirá e coordinará os seguintes departamentos:

- a) O Departamento de Cooperación con África Subsahariana;
- b) O Departamento de Cooperación co Mundo Árabe e Asia.

5. Corresponde á Dirección de Cooperación Multilateral, Horizontal e Financeira a dirección da Oficina do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento e a administración deste fondo, nos termos establecidos na Lei 36/2010, do 22 de outubro, do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, e na súa normativa de desenvolvemento; o fomento, a xestión e a execución das políticas públicas de cooperación internacional para o desenvolvemento no ámbito sectorial, multilateral e financeiro, integrando o principio de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e o aseguramento da concertación das políticas de desenvolvemento con outras axencias de desenvolvemento, organismos e iniciativas multilaterais de desenvolvemento en coordinación estreita cos órganos competentes do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, así como con outros departamentos ministeriais e organismos que realicen actividades en materia de cooperación internacional para o desenvolvemento dentro do ámbito das súas competencias.

O titular da Dirección dirixirá e coordinará os seguintes departamentos:

- a) O Departamento de Cooperación Sectorial;
- b) O Departamento de Organizacións non Governamentais de Desenvolvemento;
- c) O Departamento de Cooperación Multilateral;
- d) O Departamento da Oficina do Fonprode e de Cooperación Financeira.

6. Corresponde á Dirección de Relacións Culturais e Científicas o fomento, a xestión e a execución das políticas públicas de cooperación cultural para o desenvolvemento; a xestión dos servizos culturais da AECID; a cooperación no ámbito da capacitación de capital humano; a cooperación universitaria e científica para o desenvolvemento; as relacións e convenios internacionais no ámbito cultural e científico; as competencias atribuídas ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación para a promoción e o desenvolvemento das relacións culturais e científicas con outros países e a coordinación da acción cultural exterior, sen prexuízo das competencias que correspondan a outros departamentos ministeriais.

O titular da Dirección dirixirá e coordinará os seguintes departamentos:

- a) Departamento de Cooperación e Promoción Cultural;
- b) Departamento de Cooperación Universitaria e Científica;
- c) Departamento de Coordinación de Relacións Culturais e Científicas.

7. Corresponde á Secretaría Xeral o desempeño das funcións relativas á xestión e administración dos recursos humanos, incluída a formación destes, a xestión dos medios económico-financeiros, informáticos, loxísticos e materiais, así como a contratación, organización e produción normativa, asesoramento, calidade na xestión, inspección, arquivamento e rexistro, en estreita coordinación coas unidades competentes do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, co

fin de prestar o apoio necesario aos órganos e unidades da Axencia para o cumprimento das súas funcións.

O titular da Secretaría Xeral dirixirá e coordinará os seguintes departamentos:

- a) O Departamento de Recursos Humanos, Conciliación e Servizos Xerais;
- b) O Departamento de Xestión Económica, Financeira e Orzamentaria;
- c) O Departamento de Sistemas e Tecnoloxías da Información.

8. Corresponde á Oficina de Acción Humanitaria a xestión e execución da acción humanitaria oficial, de conformidade co plan director, e a coordinación das capacidades da Administración xeral do Estado coas das administracións autonómica e local, en coherencia coa estratexia adoptada neste campo polas Nacións Unidas e a Unión Europea. O xefe da Oficina de Acción Humanitaria dirixirá e coordinará pola súa vez o Departamento de Emerxencia e Posconflicto.

9. Depende tamén do director da Axencia o Gabinete Técnico, ao cal corresponde a realización das actividades de asesoramento e asistencia inmediata que lle encomende este, así como as de comunicación, sensibilización e educación para o desenvolvemento. Intégrase no Gabinete Técnico a Unidade de Planificación, Eficacia e Calidade, á cal lle corresponden as funcións de programación operativa, seguimento e análise para a mellora da calidade da axuda.

10. Está adscrita á Dirección da Axencia a Intervención Delegada, sen prexuízo da súa dependencia funcional e orgánica da Intervención Xeral da Administración do Estado.

11. Depende do director da Axencia a estrutura exterior desta, integrada polas oficinas técnicas de cooperación, os centros de formación e os centros culturais. No anexo I deste estatuto relaciónanse as oficinas técnicas de cooperación, os centros de formación e os centros culturais operativos na data de aprobación deste estatuto.

12. Por proposta do Consello Reitor da Axencia, e no marco do que se establece no contrato de xestión, corresponderá ao ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, logo de aprobación do ministro de Facenda e Administracións Públicas, a creación, modificación ou supresión dos órganos da Axencia no exterior, mediante orde ministerial. A aprobación destas ordes ministeriais comportará a actualización automática do anexo I deste estatuto.

13. O director da Axencia poderá delegar nos titulares das direccións, da Secretaría Xeral e da Oficina de Acción Humanitaria a dirección, coordinación e interlocución coa estrutura de centros no exterior. No exercicio das competencias que lles sexan delegadas poderán enviar, nos seus respectivos ámbitos e en nome da Dirección da Axencia, comunicacións e instrucións formais dirixidas aos coordinadores das oficinas técnicas de cooperación e aos directores dos centros de formación e culturais.

14. Co fin de reforzar a coordinación e o traballo en equipo entre as distintas áreas e unidades da Axencia, o director poderá crear grupos de traballo encargados dunha tarefa determinada, de carácter temporal ou permanente, compostos por persoas de distintas unidades, coa finalidade e funcións que decida outorgarlles e baixo a responsabilidade dunha persoa que forme parte do persoal directivo da AECID. A decisión sobre a constitución de cada grupo de traballo, a súa composición, tarefas encomendadas e a súa responsabilidade corresponderá exclusivamente ao director da Axencia.»

Dez. O artigo 18 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 18. *Suplencia dos titulares de órganos directivos.*

Nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade do titular da Dirección da Axencia, das direccións ou da Secretaría Xeral, e na falta de designación do suplente conforme o previsto no artigo 17 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de

régime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, a suplencia corresponderá aos órganos directivos dependentes del pola orde en que aparecen citados na respectiva estrutura establecida neste estatuto.»

Once. A alínea a) do punto 1 do artigo 38 queda redactada do seguinte modo:

«a) En España, o director de Cooperación con América Latina e o Caribe e os xefes dos seus departamentos; o director de Cooperación con África e Asia e os xefes dos seus departamentos; o director de Cooperación Multilateral, Horizontal e Financeira e os xefes dos seus departamentos; o director de Relacións Culturais e Científicas e os xefes dos seus departamentos; o secretario xeral da Axencia e os xefes dos seus departamentos; o xefe da Oficina de Acción Humanitaria e o xefe do Departamento de Emerxencia e Posconflicto e o director do Gabinete Técnico do director da Axencia.

Os postos directivos correspondentes aos directores xeográficos, director de Relacións Culturais e Científicas, director de Cooperación Multilateral, Horizontal e Financeira e secretario xeral serán cubertos por funcionarios de carreira. O posto correspondente ao xefe da Oficina de Acción Humanitaria será cuberto en réxime laboral, mediante contrato de alta dirección, entre titulados superiores, atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia e mediante procedementos que garantan o mérito, a capacidade e a publicidade.

Os postos directivos correspondentes aos seguintes departamentos serán cubertos por funcionarios de carreira: os departamentos das direccións xeográficas na súa totalidade; os departamentos da Secretaría Xeral na súa totalidade; os departamentos de Cooperación Universitaria e Científica e de Coordinación de Relacións Culturais e Científicas; o Departamento de Organizacións non Governamentais de Desenvolvemento, o Departamento da Oficina do Fonprode e de Cooperación Financeira e o Departamento do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento. Tamén será cuberto por funcionario público o posto da dirección do Gabinete Técnico do director da Axencia.

Serán cubertos en réxime laboral, mediante contratos de alta dirección entre titulados universitarios superiores, atendendo a criterios de competencia profesional e experiencia, e mediante procedemento que garanta o mérito, a capacidade e a publicidade, os postos directivos dos seguintes departamentos: Departamento de Emerxencia e Posconflicto; Departamento de Cooperación Sectorial; Departamento de Cooperación Multilateral e Departamento de Cooperación e Promoción Cultural.»

Artigo segundo. Modificación do Real decreto 22/2000, do 14 de xaneiro, polo que se regula a composición, competencias, organización e funcións da Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento.

O Real decreto 22/2000, do 14 de xaneiro, polo que se regula a composición, competencias, organización e funcións da Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento, queda modificado como segue:

Un. O artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 4. *Composición.*

1. A Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento actuará en pleno e en comisión permanente.

2. O Pleno estará constituído polo presidente, tres vicepresidentes, un secretario e os vogais que se determinan no punto 7.

3. Será presidente o secretario de Estado de Cooperación Internacional e para Iberoamérica, quen poderá ser substituído polo vicepresidente primeiro en casos de ausencia, enfermidade ou calquera outra causa xustificada

4. Será vicepresidente primeiro o titular da Secretaría Xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.
5. Será vicepresidente segundo un representante das comunidades autónomas elixido por e entre os vogais da comisión representantes destas.
6. Será vicepresidente terceiro un representante das entidades locais elixido por e entre os vogais da comisión representantes destas.
7. Serán vogais do Pleno da Comisión:
 - a) O titular da Secretaría de Estado de Comercio.
 - b) O titular da Secretaría de Estado de Turismo.
 - c) O titular da Secretaría Xeral de Inmigración e Emigración.
 - d) O titular da Dirección da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.
 - e) O titular da Dirección Xeral de Análise Macroeconómica e Economía Internacional do Ministerio de Economía e Competitividade.
 - f) O titular da Dirección Xeral de Orzamentos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
 - g) Un representante, con categoría polo menos de director xeral, dos seguintes ministerios: Asuntos Exteriores e de Cooperación; Facenda e Administracións Públicas; Xustiza; Interior; Fomento; Educación, Cultura e Deporte; Emprego e Seguridade Social; Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente; Economía e Competitividade; e Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.
 - h) O titular da Subdirección Xeral de Políticas de Desenvolvemento da Secretaría Xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.
 - i) Un representante de cada unha das comunidades autónomas e das cidades de Ceuta e Melilla, que deberá ser un membro da consellería ou órgano equivalente que en cada unha daquelas xestione os asuntos relacionados coa cooperación para o desenvolvemento, con rango non inferior ao de director xeral.
 - j) Dezanove representantes das entidades locais que xestionen fondos conceptuados nos seus respectivos orzamentos como axuda oficial ao desenvolvemento, ou de instancias supramunicipais en que estas expresamente deleguen, en particular, os fondos de cooperación e solidariedade. Serán elixidos pola asociación do ámbito estatal con maior implantación, de acordo cos seus propios procedementos internos.»

Dous. A alínea b) do punto 2 do artigo 8 queda redactada do seguinte modo:

«b) Por renuncia aceptada polo presidente da Comisión.»

Tres. O punto 2 do artigo 9 queda redactado do seguinte modo:

«2. A Comisión Permanente estará composta polo vicepresidente primeiro do Pleno, que actuará como presidente dela, e os seguintes vogais:

- a) O titular da Dirección da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, que substituirá o presidente da Comisión en casos de ausencia, enfermidade ou calquera outra causa xustificada.
- b) Dous vogais por parte da Administración xeral do Estado, dos cales un será elixido polos seus representantes no Pleno, entre eles mesmos, e o outro será un dos representantes do Ministerio de Economía e Competitividade no dito pleno.
- c) Tres vogais elixidos polos representantes das comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla no Pleno, entre eles mesmos.
- d) Tres vogais elixidos polos representantes das entidades locais no Pleno, entre eles mesmos.

3. Será secretario da Comisión Permanente o do Pleno.»

Artigo terceiro. *Modificación do Real decreto 2217/2004, do 26 de novembro, sobre competencias, funcións, composición e organización do Consello de Cooperación ao Desenvolvemento.*

O artigo 3 do Real decreto 2217/2004, do 26 de novembro, sobre competencias, funcións, composición e organización do Consello de Cooperación ao Desenvolvemento, queda redactado da forma seguinte:

«Artigo 3. *Composición.*

1. O Consello estará integrado por trinta e catro membros e unha persoa que exercerá a secretaría do Consello. Exercerá a presidencia o secretario xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.

2. A vicepresidencia primeira corresponderá ao director da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, quen substituirá a persoa que exerza a presidencia en casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal.

3. O Consello terá, ademais, outras dúas vicepresidencias, que serán desempeñadas polas persoas elixidas entre os membros dos grupos a que se refiren as alíneas b) e c) do punto seguinte.

4. Serán vogais:

a) En representación da Administración xeral do Estado, e por razón do seu cargo:

1.º O titular da Secretaría Xeral de Inmigración e Emigración.

2.º O titular da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

3.º O titular da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.

4.º O titular da Dirección Xeral de Política de Defensa do Ministerio de Defensa.

5.º O titular da Dirección Xeral de Orzamentos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

6.º O titular da Secretaría Xeral de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación do Ministerio de Economía e Competitividade.

7.º O titular da Dirección Xeral de Análise Macroeconómica e Economía Internacional do Ministerio de Economía e Competitividade.

8.º O titular da Dirección Xeral de Comercio e Investimentos do Ministerio de Economía e Competitividade.

9.º O titular da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

10.º O titular da Dirección Xeral de Política e Industrias Culturais e do Libro do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte.

11.º O titular da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

12.º O titular da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

b) Seis vogais en representación das organizacións non gobernamentais de desenvolvemento: a persoa que exerza a presidencia da Coordinadora de Organizacións non Gobernamentais para o Desenvolvemento e cinco por proposta da dita coordinadora.

c) Oito en representación dos axentes sociais da cooperación, así como de institucións e organismos de carácter privado que actúan no campo da cooperación para o desenvolvemento, que se distribuirán da seguinte forma:

- 1) Dous por designación das organizacións sindicais máis representativas no ámbito estatal.
- 2) Dous en representación das organizacións empresariais designados pola Confederación Española de Organizacións Empresariais/Confederación Española da Pequena e Mediana Empresa.
- 3) Un en representación das organizacións de economía social por designación da Confederación Empresarial Española da Economía Social.
- 4) Dous en representación das universidades, por proposta do Consello de Coordinación Universitaria.
- 5) Un en representación e por proposta das asociacións de defensa dos dereitos humanos.
 - d) Seis expertos por proposta do presidente do Consello, logo de consulta ao Pleno. En todo caso, velarase por que as persoas expertas cumpran co principio de paridade entre homes e mulleres.
5. A persoa que desempeñe a presidencia poderá convidar a asistir ás reunións, con voz pero sen voto, representantes dos ministerios e aqueles expertos que se considere conveniente en función dos asuntos que se vaian tratar.
6. Exercerá a secretaría do Consello, con voz pero sen voto, o subdirector xeral de Políticas de Desenvolvemento.
7. O réxime de suplencias das persoas que sexan membros do Consello será o xeral previsto no artigo 24.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, coas especialidades seguintes:
 - a) Respecto ás persoas representantes da Administración xeral do Estado, poderán ser suplidas por quen designe a persoa titular, cunha antelación mínima de 48 horas á celebración da sesión, de entre as persoas do órgano cuxo titular vaia ser suplido.
 - b) Respecto ao resto de persoas que desempeñen vogalías, fóra dos expertos ou expertas, poderán ser suplidas por aqueles que designen as súas respectivas organizacións, comunicando esta circunstancia á Secretaría do Consello cunha antelación mínima de 48 horas á celebración da sesión.
 - c) Os expertos non poderán ser suplidos en ningún caso.»

Artigo cuarto. *Modificación do Real decreto 1412/2005, do 25 de novembro, polo que se regula a Comisión Interministerial de Cooperación Internacional.*

Os puntos 1 e 2 do artigo 3 do Real decreto 1412/2005, do 25 de novembro, polo que se regula a Comisión Interministerial de Cooperación Internacional, quedan redactados da forma seguinte:

- «1. A Comisión Interministerial de Cooperación Internacional terá como presidente o titular da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional e para Iberoamérica; como vicepresidente primeiro o titular da Secretaría Xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento e como vicepresidente segundo o titular da Secretaría de Estado de Comercio.
2. Serán vogais da Comisión:
 - a) O titular da Dirección da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.
 - b) O titular da Dirección Xeral de Política Exterior e Asuntos Multilaterais, Globais e de Seguridade do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.
 - c) O titular da Dirección Xeral de Relacións Económicas Internacionais do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

- d) O titular da Dirección de Cooperación con América Latina e o Caribe da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.
- e) O titular da Dirección de Cooperación con África e Asia da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.
- f) O titular da Dirección de Relacións Culturais e Científicas da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.
- g) O titular da Dirección Xeral de Orzamentos do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.
- h) O titular da Dirección Xeral de Análise Macroeconómica e Economía Internacional do Ministerio de Economía e Competitividade.
- i) O titular da Dirección Xeral de Comercio e Investimentos do Ministerio de Economía e Competitividade.
- j) O titular da Dirección Xeral de Migracións do Ministerio de Emprego e Seguridade Social.
- k) O titular da Dirección Xeral de Cooperación Xurídica Internacional e Relacións coas Confesións do Ministerio de Xustiza.
- l) Un representante, con categoría de director xeral, designado polo titular de cada un dos seguintes ministerios: Defensa; Facenda e Administracións Públicas; Interior; Fomento; Educación, Cultura e Deporte; Emprego e Seguridade Social; Industria, Enerxía e Turismo; Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente; Presidencia e Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade.
- m) O titular da Subdirección Xeral de Políticas de Desenvolvemento da Secretaría Xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, que actuará como secretario con voz e voto.»

Artigo quinto. *Modificación do Real decreto 1460/2009, do 28 de setembro, sobre organización e funcionamento do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento.*

O Real decreto 1460/2009, do 28 de setembro, sobre organización e funcionamento do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento, queda modificado como segue:

Un. O punto 1 do artigo 5 queda redactado do seguinte modo:

«1. A administración do Fondo corresponde á Oficina do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento, encadrada na Dirección de Cooperación con América Latina e o Caribe da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.»

Dous. O punto 3 do artigo 6 queda redactado do seguinte modo:

«3. O Comité Executivo do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento, adscrito ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación a través da Secretaría Xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, estará composto polos seguintes membros:

- a) Presidente: o secretario xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, que pode delegar a dita función no vicepresidente primeiro.
- b) Vicepresidente primeiro: o director da Dirección da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID).
- c) Vicepresidente segundo: o director xeral de Análise Macroeconómica e Economía Internacional do Ministerio de Economía e Competitividade.
- d) Vogais:
 - 1.º O director de Cooperación para América Latina e o Caribe da AECID.
 - 2.º O xefe do Departamento do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento da AECID.

3.º O director xeral de Comercio e Investimentos do Ministerio de Economía e Competitividade.

4.º O director xeral da Auga do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente.

5.º Un representante con nivel, polo menos, de subdirector xeral do Instituto de Crédito Oficial, designado polo presidente do Instituto de Crédito Oficial.

6.º O titular da Secretaría Xeral Iberoamericana, que asistirá ás reunións do Comité Executivo con voz pero sen voto.

e) Exercerá as funcións de secretaría e ponencia o xefe do Departamento do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento.»

Tres. O punto 1 do artigo 7 queda redactado do seguinte modo:

«1. Para o asesoramento da Oficina do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento existirá un consello asesor adscrito ao Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación a través da Secretaría de Estado de Cooperación Internacional e para Iberoamérica, que se reunirá polo menos unha vez ao ano, presidido polo secretario de Estado de Cooperación Internacional e para Iberoamérica. O Consello Asesor estará constituído por personalidades de recoñecido prestixio, españolas e iberoamericanas no ámbito da auga e os recursos hídricos. O seu funcionamento someterase ás normas polas cales se rexen os órganos colexiados, segundo o establecido no capítulo II do título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Formarán igualmente parte deste consello asesor representantes dos actores españois relacionados coa cooperación ao desenvolvemento no sector da auga, en especial os relacionados con fundacións, organizacións non gobernamentais de desenvolvemento, operadores e xestores dos servizos de auga e saneamento, organizacións empresariais e empresas especializadas e universidades. O Consello Asesor estará integrado por un máximo de corenta membros.

Exercerá as funcións de secretaría e ponencia o xefe do Departamento do Fondo de Cooperación para Auga e Saneamento.»

Artigo sexto. Modificación do Regulamento do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 845/2011, do 17 de xuño.

O Regulamento do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 845/2011, queda modificado como segue:

Un. O punto 3 do artigo 16 queda redactado do seguinte modo:

«3. O Comité Executivo do Fonprode terá a seguinte composición:

a) Presidencia: o secretario de Estado de Cooperación Internacional e para Iberoamérica, que poderá ser substituído polo vicepresidente primeiro en casos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal.

b) Vicepresidencia primeira: o secretario xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.

c) Vicepresidencia segunda: o director da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento.

d) Vogais, todos eles con voz e voto:

1.º O director xeral de Política Exterior e Asuntos Multilaterais, Globais e de Seguridade do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

2.º O director de Cooperación Multilateral, Horizontal e Financeira da Axencia Española de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento

3.º Dous directores da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, designados pola Presidencia da Axencia.

4.º O director xeral de Relacións Económicas Internacionais do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

5.º O director do Gabinete da Secretaría Xeral de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación.

6.º Un representante, con rango mínimo de director xeral, do Gabinete da Presidencia do Goberno designado polo seu director.

7.º Un representante, con rango mínimo de director xeral, do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas designado polo seu titular.

8.º Un representante, con rango mínimo de director xeral, do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, designado polo seu titular.

9.º Un representante, con rango mínimo de director xeral, da Secretaría de Estado de Comercio do Ministerio de Economía e Competitividade, designado polo seu titular.

10.º Un representante, con rango mínimo de director xeral, da Secretaría de Estado de Investigación, Desenvolvemento e Innovación, do Ministerio de Economía e Competitividade, designado polo seu titular.

11.º O director xeral de Análise Macroeconómica e Economía Internacional do Ministerio de Economía e Competitividade.

12.º Un representante, con rango mínimo de director xeral do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, designado polo seu titular.

13.º Un representante, con rango mínimo de director xeral, do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, designado polo seu titular.

14.º Un representante, con rango mínimo de subdirector xeral, do Instituto de Crédito Oficial, designado polo citado instituto de acordo cos seus procedementos internos.

15.º A persoa titular do Departamento da Oficina do Fonprode e de Cooperación Financeira, que actuará como secretario.»

Artigo sétimo. *Modificación do Regulamento do Instituto Cervantes, aprobado polo Real decreto 1526/1999, do 1 de outubro.*

Modifícase o Regulamento do Instituto Cervantes, aprobado polo Real decreto 1526/1999, do 1 de outubro, modificado polo Real decreto 775/2012, do 4 de maio (BOE do 5 maio de 2012), no seu artigo 21.4, ao cal se engade a seguinte redacción: «Estes postos directivos cubriranse en réxime laboral, mediante contratos de alta dirección».

Disposición adicional primeira. *Supresión de órganos directivos.*

Quedan suprimidos os seguintes órganos directivos:

A Dirección de Cooperación con África, Asia e Europa Oriental.

A Dirección de Cooperación Sectorial, de Xénero e ONGD.

A Oficina do Fondo para a Promoción do Desenvolvemento.

O Departamento de Cooperación co Mediterráneo e Mundo Árabe.

O Departamento de Cooperación Sectorial e de Xénero.

O Departamento de Asia e Europa Oriental.

As referencias do ordenamento xurídico aos ditos órganos entenderanse realizadas, respectivamente, á Dirección de Cooperación con África e Asia, á Dirección de Cooperación Multilateral, Horizontal e Financeira, ao Departamento da Oficina do Fonprode e de Cooperación Financeira, ao Departamento de Cooperación co Mundo Árabe e Asia e ao Departamento de Cooperación Sectorial.

Disposición adicional segunda. *Non incremento do gasto público.*

A aplicación deste real decreto farase sen aumento de custo de funcionamento dos respectivos órganos directivos e non suporá incremento de gasto público.

Disposición transitoria única. *Unidades e postos de traballo con nivel orgánico inferior a departamento.*

Subsistirán as unidades e os postos de traballo con nivel orgánico inferior a departamento que resulten afectados polas modificacións orgánicas establecidas neste real decreto. Así mesmo, serán retribuídos con cargo aos mesmos créditos orzamentarios ata que se aproben as relacións de postos de traballo adaptadas ás ditas modificacións e se produza a efectiva distribución dos créditos orzamentarios.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase a persoa titular do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación para, logo de cumprimento dos trámites oportunos, ditar cantas normas e medidas sexan necesarias no desenvolvemento e a aplicación do previsto no presente real decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de outubro de 2012.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMEU